



CONCELLOS

CERVO

Anuncio

Por acordo do Pleno con data 29 de xuño de 2017 se aprobou a nova competencia a asumir polo Concello de Cervo, do servizo de Centro de día- residencia do Concello de Cervo, se aprobou a Memoria xustificativa da prestación do servizo, o proxecto de regulamento do réxime de acceso ao servizo así como a documentación complementaria anexa, someténdose a información pública por un prazo de trinta días naturais, anunciándose no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e no taboleiro de edictos deste Concello, a efectos de que polos particulares e entidades, poidan formular as observacións que estimen pertinentes.

Establécese como forma de xestión do servizo público a xestión indirecta mediante concesión

No caso de que durante o período de 30 días naturais de información pública non se formulasen observacións ou alegacións o acordo entenderase elevado automaticamente á definitivo.

O que se fai público, de conformidade co disposto no artigo 97.1.c) do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Real decreto legislativo 781/1986, de 18 de abril.

Cervo, 30 de xuño de 2017.- O alcalde, Alfonso Villares Bermúdez

R. 2015

CHANTADA

Anuncio

En cumprimento de canto dispón o artigo 2012 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e unha vez que foi informada favorablemente pola Comisión Especial de Contas, en sesión de data 22 de xuño de 2017, exponse ó público a Conta Xeral correspondente ó exercicio presupostario do ano 2016 polo prazo de quince días, durante os cales e oito mais, quenes se estimen interesados poderán presentar reclamacións, reparos e observacións que teñan por conveniente.

En Chantada a 29 de xuño de 2017.- O Alcalde, Manuel L. Varela Rodríguez

R. 2016

LUGO

Anuncio

A Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o 21 de xuño de 2017, aprobou o procedemento de licitación para **O ALLEAMENTO DE VEHÍCULOS MUNICIPAIS DESAFECTADOS DO SERVIZO PÚBLICO DE TRANSPORTE PÚBLICO E DECLARADOS EFECTOS NON UTILIZABLES (EXPTE. REF. 4-2017)**

Por medio deste anuncio dáse a coñece-la licitación conforme as seguintes características:

1.- Entidade adxudicadora.

a) **Organismo:** Excmo. Concello de Lugo.

b) **Dependencia que tramita o expediente:** Servizo de Contratación, Patrimonio e Fomento

c) **Obtención de documentación e información:**

1. **Dependencia:** Servizo de Contratación, Patrimonio e Fomento

2. **Domicilio:** Ronda da Muralla, 197.
3. **Localidade e C.P:** Lugo, 27002
4. **Teléfonos:** (982) 29-73-01, 29-71-45.
5. **Telefax:** (982) 29-72-59.
6. **Correo electrónico:** contratacion@concellodelugo.org
7. **Dirección internet:** www.lugo.gal (Perfil do contratante)
8. **Data límite de obtención de información:** Ata o remate do prazo de presentación de proposicións.

d) **Número de expediente:** 4/2017

2.- Obxecto do contrato.

a) **Tipo de contrato:** patrimonial

b) **Descrición:** O obxecto deste prego é o alleamento, mediante poxa pública, dos vehículos municipais desafectados ao servizo público de transporte regular de viaxeiros e declarados efectos non utilizables mediante Decreto número 16007868 de 20 de outubro de 2016 para o seu destino como chatarra e que se relacionan a continuación:

MATRÍCULA	Nº DE BASTIDOR	MARCA
LU-7157-P	WDB357425110766229	MERCEDES-O 405 N LINCE
LU-4578-S	WDB35746111079716	MERCEDES-O 405 N 2 VENUS
LU-6776-U	WEB61240111087695	MERCEDES-O 405 N 2
LU-5149-T	WDB9044631P634324	MERCEDES (MICROBUS) ARO SPRINTER
LU-8191-V	WMAA22086C003381	MAN-NL 263F CITTOUR
LU-0575-W	VS9628000W4172003	MERCEDES-O 530 CITARO
LU-4646-X	WEB62800011092863	MERCEDES-O 530 CITARO

Os vehículos están depositados nas instalacións da concesionario do servizo municipal de transporte público MONBUS URBANOS S.A (Cantón de Arriba num. 2 Polígono Louzaneta As Areeiras 27297 LUGO) e poderán ser examinados polos licitadores interesados ata o día anterior ó remate do prazo de licitación.

c) **División por lotes:** NON

d) **Lugar de execución/recollida:** Ver a cláusula décimo terceira do prego de cláusulas administrativas relativo a lugar de recollida

e) **Prazo de duración/ Prazo de execución:** Ver a cláusula décimo terceira do prego de cláusulas administrativas.

f) **Admisión de prórroga:** NON

g) **Establecemento de acordo marco:** NON

3.- Tramitación e procedemento:

a) **Tramitación:** ordinario

b) **Procedemento:** aberto

c) **Criterios de adxudicación:** Ver cláusula décimo primeira dos pregos de cláusulas administrativas.

4.- Valor estimado/prezo de licitación do contrato: 3.000 euros

5.- Orzamento base de licitación (primeira anualidade)

3.000 euros

6.- Garantías:

a) **Provisional:** NON procede

b) **Definitiva:** 5% do importe de adxudicación, excluído o IVE,

7.- Requisitos específicos do contratista.

a) **Solvencia:** A sinalada na cláusula sexta do prego de cláusulas administrativas

b) **Clasificación:** NON

c) **Outros requisitos:** NON

8. Presentación de ofertas ou de solicitudes de participación:

a) **Data límite de presentación:** 15 días naturais contados a partires da data de publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo. No caso de que o último día coincidise inhábil prorrogarase ata o seguinte día hábil.

b) **Modalidade de presentación:** formato papel.

c) **Lugar de presentación:**

1. **Dependencia:** Concello de Lugo nas Oficina do Rexistro ou enviadas por correo postal.
2. **Domicilio:** Ronda da Muralla, 197
3. **Localidade e C.P.:** Lugo, 27002

d) **Admisión de variantes:**NON

e) **Prazo durante o cal o licitador estará obrigado a mante-la súa oferta:** 2 meses.

9.- Apertura das ofertas.

a) **Entidade:** Concello de Lugo

b) **Domicilio:** Ronda da Muralla, 197 (3ª Planta)

c) **Localidade:** Lugo

d) **Data e hora:** O terceiro día hábil seguinte ao remate do prazo de presentación de proposicións, agás modificación publicada con antelación no Perfil do contratante.

10.- Gastos dos anuncios: 80,34 euros que serán por conta do adxudicatario.

11.- Outras informacións: As que se recollen no prego de cláusulas administrativas.

Lugo, 03 de xullo de 2017.- TENENTA-ALCALDE DA AREA, DE ECONOMÍA, EMPREGO E DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO, Ana Prieto Nieto

R. 2017

Anuncio

Por acordo número 18/384 da Xunta de Goberno Local do día 21 de xuño de 2017 aprobouse o procedemento de licitación para a **EXPLOTACIÓN DO SERVIZO DE CAFETERÍA NO CENTRO DE CONVIVENCIA UXÍO NOVONEYRA. (EXP. REF. 15-2017).**

Por medio deste anuncio dáse a coñece-la licitación conforme as seguintes características:

1.- Entidade adxudicadora.

a) **Organismo:** Excmo. Concello de Lugo.

b) **Dependencia que tramita o expediente:** Servizo de Contratación, Patrimonio e Fomento.

2.- Obxecto do contrato.

a) **Descrición do obxecto:** É obxecto deste contrato a explotación do servizo de cafetería sita no Centro de Convivencia de Uxío Novoneyra sito na rúa Quiroga Ballesteros 1A 2º andar desta cidade de Lugo.

b) **Prazo de duración:** O prazo máximo de duración do contrato é de UN ANO contado a partir da acta de inicio da explotación que se asinará no prazo máximo de un mes dende a formalización do contrato. Finalizado este período poderase prorrogar mediante acordo expreso das partes por períodos máximos anuais ata un máximo de DOUS ANOS en total, incluídas as prórrogas.

3.- Tramitación, procedemento e forma de adxudicación.

a) **Tramitación:** ordinaria

b) **Procedemento:** aberto.

4.- **Tipo de licitación:** O canon a pagar polo adxudicatario establécese nun mínimo de **150 euros mensuais (1.800 euros anuais)**, resultando finalmente o canon ofertado á alza polo adxudicatario na súa oferta económica.

5.- Garantías:

a) **Definitiva:** O licitador que presente a oferta máis vantaxosa estará obrigado a depositar unha garantía do 5% do importe anual ofertado.